

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, M^a Soledad Soneira Tajés, Beatriz Sestayo Doce e Ricardo Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Acabamos de coñecer que unhas xogadoras de Fútbol Sala do Club de Fútbol Feminino Leis 26 de Pontevedra, se viron na necesidade de denunciar ao presidente do seu club por delitos contra a integridade moral, despois de verse sometidas a acoso sexual e a tratamento vexatorio continuado por parte dese individuo.

Desgraciadamente a sociedade machista na que vivimos propicia este tipo de problema en moitos ámbitos da vida e parece que nalgunhas modalidades deportivas inminente masculinas, ata o de agora, aínda é máis habitual.

E unha obriga da Administración autonómica a loita pola igualdade entre homes e mulleres e, sen dúbida, é responsabilidade da Secretaría Xeral do Deporte que este se practique en condicións de igualdade.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas está a tomar o Goberno galego para evitar o acoso sexual no deporte?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
M^a Soledad Soneira Tajés
Beatriz Sestayo Doce
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 30/01/2015 10:14:57

Manuel Vázquez Fernández na data 30/01/2015 10:15:04

Carmen Gallego Calvar na data 30/01/2015 10:15:10

María Remedios Quintas Alvarez na data 30/01/2015 10:15:16

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2015 10:15:22

María Soledad Soneira Tajés na data 30/01/2015 10:15:28

Beatriz Sestayo Doce na data 30/01/2015 10:15:34

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 30/01/2015 10:15:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia
